

## Noticias destacadas


**NOVA EDICIÓN DOS  
OBRADOIROS DE  
EMPRENDEMENTO  
COOPERATIVO ORGANIZADOS  
POR ESPAZOCOOP COA  
COLABORACIÓN DE ECOBAS**

Para o presente curso hai programadas tres modalidades formativas, que se desenvolverán nos meses de xaneiro, abril e xullo.


**O PROGRAMA FORMATIVO EN  
XESTIÓN ESTRATÉGICA E  
OPERATIVA DE CENTROS E  
UNIDADES DE INVESTIGACIÓN  
DE EXCELENCIA CHEGA Á SÚA  
FIN**

No acto, que tivo lugar o 15 de marzo, participaron, entre outros, a Conselleira de Educación, Universidades e Formación Profesional, Carmen Pomar, e o presidente de FEUGA e Reitor da Universidade da Coruña, Julio E. Abalde.

Coñece ó noso equipo...

**OLGA ALONSO, investigadora  
do grupo ECOSOT**


Olga Alonso Villar, Catedrática de Universidade no Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo, é licenciada en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela e doutora en Economía pola Universidade Carlos III de Madrid. A súa investigación xira ao redor das desigualdades económicas nun sentido amplo. Inicialmente centrouse na análise das disparidades territoriais no nivel de actividade económica, desenvolvendo modelos *à la Krugman*. Tamén ten proposto indicadores cos que medir o grao de concentración espacial da industria, con aplicacións para España e Galicia. Máis recentemente o seu interese centrouse na medición da desigualdade da renda e a segregación laboral. En particular, desenvolveu novas medidas de desigualdade intermedia ou centrista coas que completar o espazo ideolóxico existente entre o enfoque esquerdista (ou absoluto) e o dereitista (ou relativo). Estas medidas utilizounas para estudar a distribución da renda en Australia. Os seus estudos sobre segregación ocupacional inclúen achegas metodolóxicas e empíricas, con estudos para España e Estados Unidos, fundamentalmente segregación por razón de xénero e raza.

Ten participado en 17 proxectos que obtiveron financiamento público a través de convocatorias competitivas. Leva publicados 30 traballos en revistas de recoñecido prestixio internacional (incluídas no JCR), moitas das cales ocupan posicións destacadas no ranking. Foi membro do Consello Editorial de *Papers in Regional Science* entre 2009 e 2015.

**Convocatorias abertas e eventos de interese**
**Fulbright- Bolsas de ampliación de estudos**

• Prazo de presentación de solicitudes: ata o 11 de abril

**Santander – Becas Santander Iberoamérica Investigación España**

• Prazo de presentación de solicitudes: ata o 30 de abril

**Universidade de Vigo – Avaliación da produción de transferencia 2017 e 2018**

• Prazo de presentación de solicitudes: ata o 3 de maio

**Obradoiro: Elabora o teu plan de empresa cooperativo**

• FCCEE, Campus Lagoas-Marcosende. Do 9-12 de abril de 2019

Ver todas as noticias

